


CONTRA A VIOLENCIA



- 18 e 19 de Novembro na Casa da Cultura: **Curso de Autodefensa para mulleres ante situacións violentas**. Curso monitorado por especialistas da Federación Galega de Loita e pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Dirixido a mulleres.
- Mércores 27 de Novembro de 17:00 a 18:00h. Local da Asociación de Amas de Casa (Rúa do Río nº9, entrechán): **Igual a Nós. Actividade de Dinamización en Igualdade**. Actividade promovida pola Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración co Concello de Burela e a Asociación de Amas de Casa "Praia da Marosa". Dirixido a mulleres.
- Xoves 28 de Novembro ás 19:30h. Salón de Conferencias: **IGUAL-SON VOCES VIOLETAS (PROGRAMA NÓS CONTRA A VIOLENCIA da Rede de Dinamización Lingüística)**. Obradoiro de dinamización lingüística e de sensibilización contra a violencia de xénero. Dirixido a nais e pais.
- Domingo 1 de Decembro ás 18:30h. Casa da Cultura: **IGUAL-SON CONTOS DO DEREITO E DO REVÉS (PROGRAMA NÓS CONTRA A VIOLENCIA da Rede de Dinamización Lingüística)**. Actividade de dinamización lingüística e de sensibilización fronte á violencia de xénero a través da narración de contos tradicionais e de obras de creación contemporánea. Dirixido a nenos e nenas.
- IES Perdouro, Novembro. **IGUAL-SON DANZA CONTEMPORÁNEA (PROGRAMA NÓS CONTRA A VIOLENCIA da Rede de Dinamización Lingüística)**. Dirixido ao alumnado de 1º de BAC.
- Campaña **Burela en Negro**: Colocación de cartelería nas instalacións municipais. Promoción da campaña entre o comercio local e o tecido asociativo. Reparto de Material.
- **Iluminación da fachada** do Concello en cor lila, símbolo da loita contra a violencia machista.
- 25 de Novembro ás 12:h na praza do Concello: **Acto institucional** coa lectura do manifesto, coa participación dos centros educativos, asociacións do municipio e poboación en xeral.
- 25 de Novembro: **stand informativo** sobre a violencia machista na praza do concello nun lugar visible e significativo do concello de Burela. Haberá persoal especialista en violencias machistas que facilitará, durante toda a xornada, información ás persoas que decidan achegarse ata alí e tamén distribuirá material de sensibilización e prevención.



**Centro de Información ás Mulleres
do Concello de Burela**
Eijo Garay, nº20
27880 Burela (Lugo)

